



## AVISO:

### PROHÍBIDO O CONSUMO DE AUGA POTABLE

Dende o Concello de Viana do Bolo informamos á veciñanza que desde este momento queda **prohibido o consumo de auga potable no núcleo urbano de Viana ata novo aviso**, debido á rotura dunha balsa de auga no Centro Mineiro de Penouta, tendo en conta os datos da analítica realizada por Viaqua fai unhas horas, que arroxan un **elevado nivel de turbidez que supera o máximo establecido no Real Decreto Lei 140/2003 de calidade das Augas**, sendo imposible chegados a este punto que os procesos levados a cabo na planta potabilizadora municipal poidan garantir a calidade das mesmas.

Poderá **utilizarse para fregar ou lavarse pero non para consumir nin cociñar**. Dende que se detectou esta situación nesta mesma mañá, dende o Concello e a través da empresa que xestiona o servizo municipal de augas, Viaqua, estase traballando nun novo punto de captación no río Bibeí. O Concello puxo en coñecemento do Seprona esta situación esta mesma mañá e, ante a situación descrita, dende Viaqua comunicáronse os feitos a Sanidade.

Dende o Concello lamentamos a situación, os prexuízos á cidadanía xerados pola mesma, mais estamos a traballar conxuntamente con Viaqua e Seprona para resolver o problema o antes posible. Iremos informando de forma constante á poboación. Esta información estase a trasladar á veciñanza a través de todos os medios aos noso dispor: redes sociais, prensa, megafonía de policía local e protección civil, etc... mais pregamos á veciñanza que comparta este Aviso para que chegue ao maior número de xente posible.

Viana do Bolo, a 4 de novembro de 2020.  
O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.  
Asinado dixitalmente á marxe.

